



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola quenda de promoción interna.

Categoría: Produtor/a

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1.- Consonte co disposto no artigo 2 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes:

- a) Aplícase só no ámbito laboral e do emprego público das Administracións Públicas.
- b) Garante a prevalencia do réxime xurídico que mellor protexa a discriminación das mulleres.
- c) É un principio informador do ordenamento xurídico autonómico e debe ser integrado na interpretación e aplicación das normas.
- d) Con carácter excepcional permite que se establezan diferencias de trato entre mulleres e homes se estas son xustificadas por unha lei orgánica.

2.- Consonte co disposto no artigo 3 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico, na adopción e execución das políticas encamiñadas a eliminar todo tipo de discriminacións contra as mulleres, terán en consideración o traballo realizado pola Comisión de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres:

- a) Do Parlamento de Galicia.
- b) Da Xunta de Galicia.
- c) Do Congreso dos Deputados.
- d) Da Consellería de Política Social e Igualdade.

3.- Consonte co disposto no artigo 4 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a situación na que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puider ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación comparable denomínase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Práctica neutra.

4.- Consonte co disposto no artigo 5 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a diferenza de trato en base a unha característica relacionada co sexo dunha persoa cando, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto no que se leven a cabo, a devandita característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, sempre e cando o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito sexa proporcionado, considérase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Non constitúe discriminación por razón de sexo.

5.- Consonte co disposto no artigo 6 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se cree un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo, considérase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso sexual.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Acoso por razón de sexo.

6.- Consonte co disposto no artigo 10 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, aquela discriminación que se funda, por parte do suxeito discriminador, nunha apreciación incorrecta do embarazo, a maternidade, as obrigas familiares ou o estado civil da persoa vítima denomínase:

- a) Discriminación por maternidade e por paternidade.
- b) Discriminación polo exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) Discriminación sexista por erro.
- d) Discriminación sexista por asociación.

7.- Consonte co disposto no artigo 9 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, aquela discriminación sufrida por unha persoa por razón do sexo, o embarazo, o parto ou a maternidade, da asunción de obrigacións familiares ou do estado civil doutra coa que estivera relacionada denomínase:

- a) Discriminación sexista por asociación.
- b) Discriminación polo exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) Discriminación por maternidade e por paternidade.
- d) Discriminación sexista por erro.

8.- Consonte co disposto no artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, os proxectos de lei presentados no Parlamento de Galicia pola Xunta de Galicia acompañaranse dun informe sobre o seu impacto de xénero que será elaborado por:

- a) O Valedor do Pobo.
- b) O Consello de Contas.
- c) O órgano competente en materia de igualdade entre mulleres e homes.
- d) A Escola Galega de Administración Pública.

9.- Consonte co disposto no artigo 31 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino considérase:

- a) Uso non sexista da linguaxe.
- b) Discriminación indirecta.
- c) Concepto de xénero.
- d) Uso sexista da linguaxe.

10.- Segundo a Lei de Propiedade Intelectual española, cando adquire un autor os dereitos sobre a súa obra?

- a) No momento do seu rexistro na propiedade intelectual.
- b) No momento da súa publicación por unha editorial.
- c) Polo simple feito da súa creación.
- d) Cando a obra é divulgada nun medio de comunicación.

11.- Cal dos seguintes non é un dereito de explotación recoñecido na Lei de Propiedade Intelectual?

- a) Dereito de reprodución.
- b) Dereito de distribución.
- c) Dereito de retirada da obra do comercio.
- d) Dereito de comunicación pública.

12.- Que nome reciben os dereitos do autor que son irrenunciáveis e inalienables, como o dereito a esixir o recoñecemento da súa condición de autor?

- a) Dereitos de explotación.
- b) Dereitos conexos.
- c) Dereitos morais.
- d) Dereitos de autoría derivada.

13.- En relación cos dereitos de explotación, cal é a función principal do dereito de comunicación pública?

- a) Permitir a venda de exemplares da obra.
- b) Facilitar o acceso á obra a unha pluralidade de persoas sen distribución de exemplares.
- c) Protexer a obra contra a copia privada.
- d) Permitir a tradución da obra a outros idiomas.

14.- A Directiva 2001/29/CE, trasposta á LPI mediante a Lei 23/2006, introduciu de forma explícita en España unha nova modalidade de comunicación pública. Cal é?

- a) A representación teatral.
- b) A radiodifusión por ondas non hertzianas.
- c) A posta a disposición interactiva (streaming, descargas).
- d) A exposición pública de obras de arte.

15.- A Lei de Propiedade Intelectual establece límites ou excepcións aos dereitos de explotación. Cal dos seguintes é un deses límites?

- a) A copia sistemática de obras completas para bibliotecas privadas.
- b) A cita de fragmentos de obras para a súa análise ou comentario crítico.
- c) A difusión gratuíta de calquera obra en redes sociais.
- d) A modificación da obra sen consentimento do autor.

16.- O dereito de distribución esgótase coa primeira venda dentro da Unión Europea. Isto significa que:

- a) O autor perde todos os dereitos sobre a obra.
- b) O autor non pode prohibir a revenda posterior dese exemplar físico.
- c) O comprador non pode prestar o libro a un amigo.
- d) A obra pasa inmediatamente ao dominio público.

17.- Que lei orgánica regula a protección de datos persoais e garante os dereitos dixitais en España actualmente?

- a) Lei Orgánica 15/1999 (LOPD).
- b) Lei Orgánica 3/2018 (LOPDGDD).
- c) Lei 34/2002 (LSSI).
- d) Real Decreto Lexislativo 1/1996 (LPI).

18.- Cando se grava un documental na rúa e aparecen claramente identificados varios transeúntes, cal é a base de lexitimación máis axeitada para tratar as súas imaxes?

- a) O consentimento explícito dos transeúntes.
- b) A execución dun contrato.
- c) O interese público ou misión encomendada (exercicio da liberdade de expresión/información).
- d) A mera gravación accidental.

19.- Que ocorre cos dereitos de propiedade intelectual dunha obra audiovisual 70 anos despois da morte do director, o guionista e o compositor da banda sonora?

- a) Pasan a mans dos herdeiros dos produtores.
- b) A obra entra no dominio público.
- c) A obra pasa a ser propiedade do Estado.
- d) Os dereitos se extinguen automaticamente.

20.- O "dereito de transformación" incluído na LPI permítelle ao autor:

- a) Cambiar o formato do seu ficheiro dixital.
- b) Autorizar adaptacións, traducións ou modificacións da súa obra.
- c) Retirar a obra do mercado se cambia de opinión.
- d) Cambiar o título da obra tras a primeira edición.

21.- Cales son os fundamentos na organización da produción en televisión?

- a) A acción, o punto de vista da cámara e as limitacións.
- b) O guión técnico.
- c) Os contratos artísticos e técnicos.
- d) As esixencias do director ou do realizador.

22.- Como se denomina a representación ilustrada do guión mediante viñetas que representa o contido visual de cada plano?

- a) Storyboard ou guión gráfico.
- b) Escaleta.
- c) Plano secuencia.
- d) Mapa de rodaxe.

23.- Cal é a función principal do produtor executivo nun proxecto audiovisual?

- a) Dirixir os actores durante a rodaxe.
- b) Coordinar orzamentos, gravación, edición e postprodución.
- c) Redactar o guión literario.
- d) Achegar ou conseguir o capital, e organizar e controlar o proxecto.

24.- Que diferenza fundamental existe entre a produción propia e a produción externa (tamén chamada delegada)?

- a) A produción propia ródate sempre en estudo e a externa en exteriores.
- b) A produción propia é realizada directamente pola canle ou empresa, mentres que a produción externa é encargada a produtoras independentes.
- c) A produción propia ten un orzamento maior.
- d) A produción externa non require dun guión.

25.- Cal das seguintes actividades non corresponde á fase de preprodución?

- a) A montaxe e edición do material gravado.
- b) A elaboración do plan de traballo e o calendario.
- c) A selección de localizacións e a tramitación de permisos.
- d) A realización do casting e a contratación do equipo.

26.- Que elementos compoñen a estrutura económica do sector audiovisual?

- a) Unicamente os estudos de gravación e as plataformas de streaming.
- b) Exclusivamente as produtoras e as canles de televisión.
- c) Os axentes que participan na cadea de valor: produtoras, distribuidoras, exhibidores, provedores de servizos e entidades reguladoras.
- d) Só os/as guionistas e directores/as.

27.- Cal é a función principal do desglose na produción?

- a) Decidir o final da historia.
- b) Diseñar o plan de marketing da obra.
- c) Redactar os contratos do equipo técnico.
- d) Analizar o guión para avaliar as necesidades técnicas que require a produción.

28.- Que diferenza ao guión literario do guión técnico?

- a) O guión literario é máis longo e detallado que o técnico.
- b) O guión literario só se usa en cine e o técnico en televisión.
- c) O guión literario narra a historia e os diálogos, mentres que o guión técnico especifica os aspectos técnicos de gravación.
- d) Non existe diferenza, son sinónimos.

29.- Segundo a teoría de xestión de proxectos aplicada ao audiovisual, cales son as tres variables principais que debe equilibrar un produtor?

- a) Idea, guión e público.
- b) Tempo, custo e calidade.
- c) Cámara, son e edición.
- d) Director, equipo e actores.

30.- Que é un guión de traballo?

- a) É o mesmo que un guión técnico.
- b) Guión no que se indican todas as precisións necesarias para a gravación.
- c) É un documento que se realiza entre o guión literario e o guión técnico.
- d) É o documento que recolle a metodoloxía de traballo en cada produción.

31.- Que é o caderno A.T.A.?

- a) Documento que permite facer importacións e exportacións temporais sen necesidade de pagar aranceis.
- b) É o acrónimo de Axencia Técnica do Audiovisual.
- c) É un sistema de software de postprodución.
- d) É a metodoloxía estándar para a organización dunha gravación.

32.- Que documento contable reflicte a situación patrimonial dunha produtora (activo, pasivo e patrimonio neto) nunha data determinada?

- a) A conta de perdas e ganancias.
- b) O libro de facturas emitidas.
- c) O plan de rodaxe.
- d) O balance de situación.

33.- Para a elaboración da 'Memoria Económica' dun proxecto audiovisual, é obrigatorio incluír:

- a) Unicamente a biografía do director e o produtor.
- b) A xustificación detallada de todos os custos de produción, o plan de investimentos e as fontes de financiamento.
- c) O storyboard ilustrado do proxecto.
- d) As memorias contables da empresa/s produtora/s dos últimos tres anos.

34.- Cal é o principal organismo público en España encargado de conceder axudas e subvencións á produción cinematográfica?

- a) A Academia de Cine.
- b) O Ministerio de Facenda e Función Pública.
- c) O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA).
- d) O Ministerio de Economía, Comercio e Empresa.

35.- Dentro dos contratos de produción, o 'Contrato de cesión de dereitos' é esencial para:

- a) Alugar un plató de rodaxe.
- b) Regular a transferencia dos dereitos de autor (como o guión ou a música) do creador á produtora.
- c) Regular a información pública previa á estrea da obra audiovisual.
- d) Distribuír a película en cines.

36.- O 'Plan de traballo' nunha produción audiovisual ten como obxectivo principal:

- a) Limitar a creatividade do director.
- b) Optimizar o tempo, coordinar os recursos humanos e técnicos, e aproveitar ao máximo o orzamento dispoñible.
- c) Determinar as funcións de cada persoa que participa no proxecto.
- d) Contratar o equipo máis eficiente para a realización da obra audiovisual.

37.- O 'product placement' como estratexia de financiamento consiste en:

- a) A venda de camisetas e xoguetes baseados nos personaxes da película.
- b) A emisión da película en televisión antes da estrea en cines.
- c) A inclusión dun produto, servizo ou marca dentro da produción audiovisual de forma integrada na acción.
- d) A preventa dos dereitos de distribución internacional.

38.- As Agrupacións de Interese Económico (AIE) no sector audiovisual caracterízanse por:

- a) Ter un propósito específico e un período de tempo limitado, ofrecendo vantaxes fiscais e xestión compartida.
- b) Ser unha forma de sociedade anónima con capital aberto.
- c) Ter unha duración ilimitada e propósito xeral.
- d) Ser unha modalidade de cooperativa específica para o sector audiovisual.

39.- O 'crowdfunding' aplicado á produción audiovisual defínese como:

- a) Un préstamo bancario con intereses reducidos.
- b) Unha subvención directa do ICAA para novos realizadores.
- c) A participación masiva de investidores que financian con cantidades reducidas proxectos audiovisuais de alto potencial.
- d) A participación de varios investidores, nacionais e internacionais, no financiamento da obra audiovisual.

40.- Nunha coprodución internacional, os beneficios económicos repártense:

- a) De maneira igualitaria entre todos os coprodutores.
- b) Proporcionalmente ao investimento efectuado por cada coprodutor.
- c) Integramente ao coprodutor maioritario.
- d) Segundo a regulación do país de orixe do produtor maioritario.

41.- Na elaboración do plan de rodaxe, que criterio se utiliza habitualmente para organizar a orde de filmación das escenas?

- a) A orde cronolóxica da historia narrada no guión.
- b) Agrupar nunha mesma xornada todas as escenas que comparten unha mesma localización ou decorado, aínda que pertencen a diferentes momentos da narración.
- c) Filmar primeiro as escenas con menor orzamento.
- d) A orde alfabética dos nomes dos personaxes.

42.- Para obter un permiso de rodaxe nun espazo público en Galicia, cal é o organismo habitual de referencia?

- a) O Ministerio de Cultura.
- b) A Academia de Cine.
- c) O Concello onde se realizará a filmación.
- d) A SGAE.

43.- Segundo a estrutura clásica do equipo de produción audiovisual, que profesional é o responsable da calidade artística da película, e de comunicar a súa visión a todos os xefes de equipo?

- a) O produtor executivo.
- b) O realizador.
- c) O director de produción.
- d) O guionista.

44.- No organigrama dunha produción cinematográfica, que figura é a propietaria da película, asume o risco económico e busca o financiamento?

- a) O director.
- b) O produtor executivo.
- c) O forillista.
- d) O distribuidor.

45.- Cal é a función do director de produción na fase de preprodución?

- a) Dirixir os actores no set de rodaxe.
- b) Diseñar un plan de produción para facer a película do xeito máis eficiente e economicamente posible.
- c) Encargarse da procura de financiamento.
- d) Organizar os casting de actores e actrices.

46.- Para rodaxes en parques nacionais ou monumentos históricos en España, que requisito adicional adoita ser necesario?

- a) Ningún, son de libre acceso para rodaxes.
- b) Un permiso previo que avalía o impacto ambiental e a integridade do lugar.
- c) Unha autorización exclusiva do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa.
- d) Unha declaración de utilidade pública.

47.- Que profesional do equipo de son se encarga da captación e rexistro do son directo durante a rodaxe?

- a) O mesturador de son de postprodución.
- b) O enxeñeiro de son ou técnico de son directo.
- c) O director de dobraxe e efectos especiais.
- d) O script.

48.- Cal é o obxectivo principal de realizar un recoñecemento técnico das localizacións durante a preproducción?

- a) Coñecer a cultura local.
- b) Avaliar aspectos técnicos como a luz, a acústica, o espazo dispoñible e os desafíos lóxicos para a filmación.
- c) Negociar o catering con provedores locais.
- d) Seleccionar os actores para cada escena.

49.- Segundo a actualización do convenio colectivo de ámbito estatal da industria de produción audiovisual (técnicos), cal é o salario base mensual para o coordinador/a de guións dunha produción cun orzamento superior aos 350.000 euros capítulo/programa?

- a) Entre 0 e 4.000 euros.
- b) Entre 4.001 e 6.000 euros.
- c) Entre 6.001 e 8.000 euros.
- d) Entre 8.001 e 20.000 euros.

50.- Na fase de preproducción, cal é a función do departamento de escenografía?

- a) Xestionar as nóminas do equipo.
- b) Diseñar e supervisar a construción de decorados, o atrezzo e a ambientación visual da película.
- c) Contratar o persoal artístico.
- d) O departamento encargado da captación de imaxe.

51.- Nun equipo de produción audiovisual, cal é a función principal do director de produción durante a gravación?

- a) Verificar o guión técnico.
- b) Xestionar os recursos humanos e técnicos, así como os tempos e o orzamento na rodaxe.
- c) Operar a cámara principal durante as tomas máis complexas.
- d) Verificar a cesión dos dereitos artísticos.

52.- Na gravación en exteriores, un dos principais desafíos de produción é:

- a) A dificultade para conseguir todos os permisos necesarios.
- b) A planificación ante imprevistos climáticos e acústicos (ruído ambiental).
- c) A iluminación artificial.
- d) A dificultade para un sistema multicámara.

53.- Na gravación dun programa que non se emite en directo, a produción ten a vantaxe de:

- a) Non necesitar script nin continuidade.
- b) Poder realizar múltiples tomas e corrixir erros en postprodución.
- c) Emitir simultaneamente en varias canles.
- d) Reducir os custos de produción.

54.- Quen é o xefe de realización en plató?

- a) O director.
- b) O rexedor.
- c) O guionista.
- d) O máximo accionista da produción.

55.- Dentro da supervisión da gravación, a función de script consiste en:

- a) Encargarse da loxística técnica na gravación.
- b) Controlar a coherencia entre planos (vestiario, atrezzo, diálogos) e anotar as partes de cámara.
- c) Manexar o son directo.
- d) Coordinar o montaxe na sala de edición.

56.- Na xestión durante a rodaxe, un conflito habitual que debe resolver produción é:

- a) A elección do tipo de cámara segundo a iluminación.
- b) A coordinación de horarios entre departamentos (maquillaxe, vestiario, cámara, son) para evitar tempos mortos.
- c) A coordinación dos guionistas.
- d) A correcta comunicación entre o director e o resto do equipo.

57.- Que documento elabora o equipo de produción durante a supervisión da gravación para controlar o rodado cada día?

- a) Actualización do guión técnico.
- b) Parte de rodaxe ou folla de gravación.
- c) O contrato dos actores.
- d) A memoria do/da script.

58.- Cal destes métodos é un estándar da organización de ensaios nunha produción audiovisual?

- a) Por bloques de cámara, acción e parada.
- b) Por lectura das secuencias do guión.
- c) Por iluminación e realización.
- d) Por elementos de continuidade.

59.- Como pode ser a gravación descontinua nun proxecto audiovisual?

- a) Por sistemas multicast.
- b) Por secuencias ou por bloques de acción.
- c) Por orde de relevancia dos personaxes.
- d) Todas son correctas.

60.- Nun plató, onde se sitúa a tally?

- a) No control de iluminación.
- b) Nas Dolly.
- c) En cada cámara.
- d) Na petaca de cada micrófono.

61.- Que significa BVOD?

- a) É un sistema de vídeo baixo demanda baseado na televisión tradicional.
- b) É un sistema de vídeo baixo demanda financiado pola publicidade.
- c) É un sistema de vídeo baixo demanda baseado totalmente gratuíto.
- d) É un sistema de vídeo baixo demanda baseado nun modelo de subscrición.

62.- Cal é o principal sistema de distribución de sinal televisivo en España?

- a) IPTV
- b) TDT
- c) VOD
- d) Fast Channel

63.- Cal é o modelo máis utilizado para evitar a piratería de produtos audiovisuais en plataformas dixitais?

- a) FVOD.
- b) Utilización de usuario e contrasinal.
- c) Utilización de datos biométricos.
- d) O sistema DRM.

64.- En que sistema é obrigatorio emitir o sinal de televisión en España desde 2024?

- a) SD
- b) IPTV
- c) HD
- d) UHD/4K

65.- A que concepto substitúe o "bitrate" na emisión de sinal televisiva?

- a) Ao ancho de banda.
- b) Á onda hertziana.
- c) Aos píxeles.
- d) Ao sistema PAL.

66.- Indique cal é o sistema de intercambio de imaxes máis habitual en televisión

- a) JVC
- b) FTP
- c) Correo electrónico
- d) SMTP

67.- Que son os Fast Channel?

- a) Un estándar para a compresión de imaxes.
- b) Unha parte do control de continuidade.
- c) Un sistema de envío de imaxes por satélite.
- d) Un modelo gratuito de distribución de programas audiovisuais por internet.

68.- Cal é o sistema que utiliza a TDT para identificar cada programa?

- a) DVB-T
- b) DSM
- c) EPG
- d) Hbbts

69.- Como se denomina ao sistema de televisión híbrida?

- a) Hbbtv
- b) UHD
- c) 4k
- d) Cam-Sat

70. Que sistema posibilita a emisión de imaxes por streaming?

- a) H284
- b) OVP
- c) CDN
- d) MPG-2

71.- Que é unha DSNG?

- a) Un vehículo equipado coa tecnoloxía para facer edición de vídeo.
- b) Un vehículo equipado coa tecnoloxía que permite a realización audiovisual de eventos en directo.
- c) Un vehículo equipado cunha conexión a satélite ou repetidor para o envío de imaxes e audios.
- d) O sistema de emisión coa tecnoloxía IPTV.

72.- Cal é o estándar industrial para a inxesta de streaming de vídeo e audio en directo?

- a) MPEG-4
- b) H.264
- c) POP-SMTP
- d) RTMP

73.- Segundo o artigo 2.1 da Carta da Nacións Unidas, a Organización baséase no principio de:

- a) Supremacía militar dos Estados máis poderosos.
- b) Igualdade soberana de todos os seus membros.
- c) Intervención obrigatoria en asuntos internos.
- d) Dependencia económica entre Estados.

74.- Que axencia da ONU, creada como organismo especializado, ten como obxectivo promover a educación, a ciencia e a cultura para contribuír á paz e á seguridade internacionais?

- a) OMS.
- b) FAO.
- c) UNESCO.
- d) OIT.

75.- Segundo o artigo 2.4 da Carta das Nacións Unidas, os Estados membros:

- a) Poden usar a forza libremente contra a integridade territorial ou a independencia política de calquera Estado.
- b) Absteranse de recorrer á ameaza ou ao uso da forza contra a integridade territorial ou a independencia política de calquera Estado.
- c) Deben usar a forza en conflitos económicos.
- d) Só poden usar a forza dentro do seu territorio.

76.- Que documento internacional establece os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)?

- a) A Carta das Nacións Unidas.
- b) O Acordo de París.
- c) A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible.
- d) A Declaración Universal de Dereitos Humanos.

77.- Segundo o artigo 1 do Tratado do Atlántico Norte (1949), os Estados parte comprométense a:

- a) Resolver as súas controversias internacionais por medios militares.
- b) Recorrer ao emprego da forza ante calquera controversia internacional.
- c) Absterse nas súas relacións internacionais de recorrer á ameaza ou ao emprego da forza.
- d) Respetar a soberanía popular dos estados membros.

78.- Segundo o artigo 5 do Tratado da OTAN, un ataque armado contra un ou varios dos Estados membros, que teña lugar en Europa ou en América do Norte, será considerado como:

- a) Un conflito interno do Estado atacado.
- b) Un asunto que debe resolver a ONU exclusivamente.
- c) Un ataque contra todos eles.
- d) Un acto de guerra individual sen obriga de resposta colectiva.

79.- O artigo 14.3 do Tratado da Unión Europea (TUE) establece que os deputados son elixidos por sufraxio universal directo para un mandato dunha duración de:

- a) 3 anos.
- b) 4 anos.
- c) 5 anos.
- d) 6 anos.

80.- Que institución elixirá á persoa candidata a Presidente da Comisión Europea?

- a) O Consello da Unión Europea.
- b) O Parlamento Europeo.
- c) O Consello Europeo.
- d) A Comisión saínte.

81.- Consonte co disposto no artigo 15.2 do Tratado da Unión Europea (TUE), por quen está formado o Consello Europeo?

- a) Os ministros de Asuntos Exteriores de cada Estado membro.
- b) Un Secretario de Estado de cada Estado membro.
- c) Os Xefes de Estado ou de Goberno dos Estados membros, así como polo seu Presidente e o Presidente da Comisión Europea.
- d) Os Xefes de Estado ou de Goberno dos Estados membros, exclusivamente.

82.- A Constitución Española de 1978 establece que o Congreso dos Deputados componse dun mínimo de:

- a) 300 deputados.
- b) 400 deputados.
- c) 500 deputados.
- d) 600 deputados.

83.- En España cantos senadores se elixen por cada provincia peninsular?

- a) 2 senadores.
- b) 3 senadores.
- c) Depende da poboación de cada provincia.
- d) 4 senadores.

84.- Segundo a Constitución Española, a designación do Defensor do Pobo é competencia:

- a) Do Presidente do Senado.
- b) Das Cortes Xerais.
- c) Do Rei como Xefe do Estado.
- d) Do Consello de Ministros.

85.- Segundo a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, a designación dos Senadores representantes da Comunidade Autónoma galega para cada lexislatura das Cortes Xerais é unha función do:

- a) Consello da Xunta de Galicia.
- b) Parlamento de Galicia.
- c) Presidente da Xunta de Galicia.
- d) Valedor do Pobo.

86.- Consonte co artigo 98.1 da Constitución Española de 1978, o Goberno componse:

- a) Do Presidente, dos Vicepresidentes e dos Secretarios de Estado.
- b) Do Presidente, dos Vicepresidentes no seu caso, dos Ministros e dos demais membros que estableza a lei.
- c) Do Presidente, dos Vicepresidentes e dos Directores Xerais dos Ministerios.
- d) Do Presidente, dos Vicepresidentes e dos Secretarios Xerais Técnicos de cada Ministerio.

87.- De acordo coa Constitución Española de 1978, a quen lle corresponde sancionar e promulgar as leis:

- a) Ao Presidente do Goberno.
- b) Ao Vicepresidente competente.
- c) Ao Rei.
- d) A cada Ministerio.

88.- O artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia fixa un número de deputados do Parlamento de Galicia entre:

- a) Sesenta e oitenta.
- b) Setenta e oitenta.
- c) Sesenta e setenta.
- d) Sesenta e noventa.

89.- Consonte co Estatuto de Autonomía de Galicia, a quen lle corresponde controlar a acción executiva da Xunta de Galicia?:

- a) Ao Tribunal Supremo.
- b) Ao Consello de la Xunta.
- c) Ao Parlamento de Galicia.
- d) Aos xuíces e fiscais.

90.- Consonte co Estatuto de Autonomía de Galicia, quen ostenta a representación da Comunidade Autónoma de Galicia e a ordinaria do Estado en Galicia?:

- a) O Presidente da Xunta.
- b) O Consello da Xunta.
- c) O Parlamento de Galicia.
- d) O Valedor do Pobo.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR A PARTIR DA CASILLA Nº 141 DO CUESTIONARIO

R1.- Consonte co disposto na Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, NON se consideran susceptibles de encontrarse en situacións de discriminación múltiple as:

- a) Mulleres con discapacidade.
- b) Mulleres lesbianas, bisexuais e trans.
- c) Mulleres de etnias maioritarias.
- d) Mulleres migrantes.

R2.- O 'merchandising' como fonte de ingresos na explotación dunha obra audiovisual refírese a:

- a) A comercialización de produtos co nome, símbolo ou imaxe do programa, personaxe ou canle de televisión.
- b) A venda dos dereitos de emisión a unha plataforma de streaming.
- c) A participación en mercados internacionais.
- d) A concesión de préstamos bancarios para a produción.

R3.- Se unha produtora compra os dereitos dunha novela para facer unha película, que dereito de explotación está a adquirir principalmente?

- a) Dereito de distribución.
- b) Dereito de reprodución.
- c) Dereito de transformación.
- d) Dereito de comunicación pública.

R4.- Consonte co Estatuto de Autonomía de Galicia, a quen lle corresponde cesar aos Conselleiros da Xunta de Galicia?:

- a) Ao Consello da Xunta.
- b) Ao Parlamento de Galicia.
- c) Ao Valedor do Pobo.
- d) Ao Presidente da Xunta.